



CONSELLO SOCIAL



Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVOCATORIA DO PREMIO HUMANITAS

ANO 2025

Organismos convocantes. A Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni-USC) e o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

BASES

1.- Finalidade e destinatarios. O obxectivo do premio é recoñecer accións e traxectorias que estean desenvolvendo actualmente persoas xurídicas, asociacións, empresas, fundacións ou entidades que se distingan pola súa dedicación e implicación en actividades solidarias ou humanitarias, en beneficio da mellora da calidade de vida da colectividade.

2.- Ámbito da convocatoria. Os destinatarios do premio deberán ter o seu ámbito xeográfico de actuación en Galicia.

3.- Xurado. O xurado estará composto polos seguintes membros: o reitor da Universidade de Santiago, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente; as persoas que presiden Alumni-USC e o Consello Social, ou persoas en quen deleguen, que actuarán como vogais; outro vogal do Consello Social designado pola presidenta e o secretario ou secretaria do xurado, de Alumni-USC.

4.- Dotación. O premio será único e indivisible, e o gañador recibirá a cantidade de dous mil euros (2.000 €) que se achegarán ao 50% entre a Alumni-USC e o Consello Social como contribución ás labores solidarias ou humanitarias que estea a desenvolver a entidade gañadora.

Por parte do Consello Social, a contribución económica ao premio (1.000€) farase con cargo á partida orzamentaria 8070-3940-48100, da que é responsable a presidenta do Consello Social.

5.- Candidaturas. As candidaturas para o premio Humanitas presentaranse mediante escrito razoado a través do rexistro electrónico da USC dirixido ao Consello Social, ata o día 28 de novembro de 2025, inclusive, polas seguintes persoas, sempre que non formen parte do xurado:

- Membros do Consello Social
- Membros de Alumni-USC
- Membros da Comunidade Universitaria

6.- Resolución. O xurado terá en conta as candidaturas presentadas, entre as cales elixirá o gañador de cada edición. O xurado avaliará os méritos concorrentes en cada unha delas prestando especial atención a aquelas accións ou traxectorias que coincidan coa finalidade do presente premio. A resolución do xurado farase pública no taboleiro electrónico da USC e nas páxinas web do Consello Social e de Alumni-USC, sen prexuízo doutros medios de difusión.

O premio poderá ser declarado deserto.

7.- Entrega. O premio Humanitas, sempre que sexa posible, entregarase nun acto público organizado polas entidades convocantes.

8.- Aceptación das bases. A presentación de candidaturas implicará, de forma automática, a aceptación da totalidade das bases. En caso de conflito, este será sometido á xurisdición dos Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela.

En Santiago de Compostela, a 29 de outubro de 2025.



Cecilia Sierra Rey
Presidenta del Consello Social



Eva López Barrio
Presidenta de Alumni-USC